

- **Lugar:** Pelóu, GRANDAS DE SALIME.
- **Narradora:** Alicia Abad Monteserín, 82 anos (2007).
- **Recopilador:** Jesús Suárez López.
- **Grabacióis:** *A fala* • *Vida cotidiana* • *Úa misa á Virxe del Acebo*.

A fala

Mira, houbera aquí hai us anos... eu heiche a dicir así, chegaran aí dous, dous señores por aí que vein moitas veces por ver estos arrabaldos así e... y invítáraos eu aí, invítáraos así a un café, qu'hai así costumbre d'eso. Digo: "Estos nun tein cara de ser da ETA nin eso...". E tomaron café moi agradables e díxome se aquí era de Galicia se Asturias, e díxeyse:

—No, aquí somos de Asturias. Pola iglesia pertencemos a Galicia, que tamos aí a dous pasos, pero aquí mesmo é Asturias.

E díxome ún:

—Pos será Asturias, pero usted está hablando gallego enteramente.

—Si —dínye eu—, aquí nun hablamos gallego nin asturiano, é un chapurrado. Así que... así que é esto lo qu'hablamos aquí.

Vida cotidiana

Si, bueno, ye... qu'aquí pasamos a vida, a nosa vida bastante esclavos, traballando sempre dende pequenos, aquí ende pequenos, mira, nun había escola ningúa, vía un maestro dous meses polo inverno. Nun era un maestro, namás ún de... d'un pueblo que tuvese úa preparación, que soupese as cuatro regras e pouco máis. E dous meses, dous meses así polo inverno, andaba de casa en casa según tocaba ús días en cada casa. Era a escola que fíamos en todo el año, aqueles dous meses d'inverno, si. Ye de día pos algo d'escola, á noite ensenaba aquel maestro algo de doutrina tamén, e despóis dende pequenos pos aquí indo a buscar feixes de leña al monte pra calenta-la cocina ye... e pra enxugar a roupa, que víamos mollados de cuas vacas e de por aí del monte y había qu' enxuga-la roupa naquela calor del lume da lareira. Si, e traballando, e traballando na terra alí dende pequenos, e dende pequenos el qu'iba cuas vacas ou cuas ovelas y os outros máis maiores traballando, labrando, labrando nabos, labrando as patacas, fabas, maíz e de todo, porque naquel tempo del almacén comprábase pouco, que

nun se sacaba pa comprar muito. Había que cebar... ceba-los gochos pa... era a carne que se comía, á carnicería íbase mui pouco, dúas veces ou tres al anu nada máis. Comíase a carne, facíanse us chorizos, de inverno era cuando se mataban us gochos, colgábase úa boa cainzada de chorizos y aquellos eran pa todo el ano, si. Así que, mira, era a vida aquí así, aquí ye en todos estos pueblos así. En todos pueblos, e mira, en Grandas mismo, todos os vecinos qu'eran de mismo Grandas, todos traballaban tierra. Nun taba namáis el cura, e a guardia civil y el secretario, e case vou parar, xa nun había más naide que... había úa panadería... había úa muller vieja qu'hasta fora aquí d'este pueblo, a que foi pa alí nun se casara e puxo úa panadería qu'é unde ta hoi a panadería d'abaxo, e cucía nun sei se úa vez á semana. Iba á leña al monte pa cocer, buscar feixús de leña al monte pa cocer, cucía úa vez á semana porque vendía pan a us guardias ye... y al sacretario y al cura ye... ye... a pouco máis, aquellos que nun traballaban casería.

E se íbamos a Grandas, cuando íbamos a Grandas d'aquí, pos tampouco nun s'iba... íbase mui pouco comer á fonda, levábase a lo mejor... algúas veces levábase un chorizo y un cachín de toucín e comprábase alí un bolo de pan ye... ye un pouco de viñu y alí dous ou tres comíase aquilo, e se se non comprábase úa lata de xardías ya un bolín de pan y era lu que se comía en Grandas. Hoi vaise e tamos espiculando en qué casa se comerá mellor... pero naquel tempo era así.

Úa misa á Virxe del Acebo

Acórdome ún aquí d'este pueblo que morréraye a sogra había pouco tempo, e d'alí a pouco que morira... el xenru fora a Nigueira, qu'en Nigueira é dunde temos a iglesia, que daquela... hoi temos pista pa ir ya pa ir cus entierros pero daquela baxábase cus cuerpos levando cuatro homes a caja ya a ombros, e levaba pa baxar... levaba más d'hora e media pra baxar andando, e cada vez que s'iba a Nigueira pos íbase por ese camín, andando. E d'alí a pouco que morira aquela muller fora el xenro a Nigueira e vía de noite, vía de noite p'arriba... víase muitas veces de noite. E dixu que vindu que vira úa muller ir delante d'él... ir andando delante d'él, así úa muller vestida de negru, y él que vía así, que xa ye parecía... bueno, que xa parecía que traía así algo de medu, pero... en estos medios, que ye dixera ela:

—Nun me teñas medu, que son Rogelia —chamábase Rogelia a muller aque-la que murira—, nun me teñas medo, que son Rogelia. Ide decir úa misa á Virgen del Acebo, que me quedóu alí sin decir.

E nesto que desaparecera, e así que... que ye desaparecera da vista sin outra cousa. E foran... foran él y úa cuñada que tía na casa... decir aquela misa, que esa Virgen del Acebo é p'hacia Cangas, p'arriba de Cangas creo que dixeron qu'era, e foran... ir foran decir alí aquela misa. Nun sabemos se fora verdá que vira e que ye dixerá eso... hasta era un home que nun era de cuentos nin eso. Pasara eso, si, porque eu teño oído de siempre que despós que moría... que moría a persona, que despós que nun se volvía a ver nada. Nun sei. Así que dinche úa charla ben guapa, ¿eh?



009.
ALICIA ABAD MONTESERÍN
Pelóu, GRANDAS DE SALIME

Foto: Jesús Suárez López

